



Comunicado nº 222/15
17 de novembro de 2015

□ [NORMATIVA 2016 DA OBRIGATORIEDADE DA LICENCIA DE “ASISTENCIA”, EN TÓDAS AS PROBAS DOS CAMPIONATOS DE GALICIA 2016.](#)

Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:

- A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.
- B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.
- C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa “non autorización a tomala saída”.

□ [ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA.](#)

Por acordo de Xunta Directiva-Comisión Delegada, de data 14 de novembro de 2015, créase a figura do "**Voluntario**" nas probas autonómicas de automobilismo de Galicia. Ante a conxelación de subvencións-recursos, das diferentes Administracións, e polas necesidades imperiosas de reforzala seguridade e a labor dos Comisarios de Ruta, no Anexo 2 dos cadros de oficiais das probas admítense tres tipos-credenciais de "**Voluntariado**":

- A.- Credencial "**Voluntariado**" para equipos médicos.
- B.- Credencial "**Voluntariado**" para probas deportivas.
- C.- Credencial "**Voluntariado**" para os compoñentes das diferentes agrupacións de "Protección Civil", colaboradoras nas probas de automobilismo de Galicia.

A posesión da credencial de "**Voluntariado**" non supón a afiliación á Federación Galega de Automobilismo, porque non equivale a unha licencia, polo que non implica a obtención dos dereitos e obrigas que soamente se adquiren como posuidor dunha licencia.

Os organizadores de probas terán que publicar o cadro de "Voluntarios" no Anexo 2, con aceptación e aprobación da Federación Galega de Automobilismo.

Os "**Voluntarios**" terán que ir provistos cun peto de cor laranxa co logo de "**Voluntario**" na espalda, e co escudo da Escudería no peito, para ser identificados.

Advertencia:

Os "voluntarios" non poderán facer labores de Comisarios de Ruta, nin de calquera tipo de licenciado, limitándose a súa actuación aos peches de tramo, encintados e mantemento, colaboración cos membros de Protección Civil, colaboración co Xefe de Seguridade do Tramo, e estarán a disposición do que ordene o Director de Proba, e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e da Policía Autónoma de Galicia.

Para solicitala acreditación de "**Voluntariado**" achegarase copia do Documento Nacional de Identidade, amberso e reverso debidamente asinado, e terase que solicitar a través dunha escudería rexistrada na Federación.